

PROGRAMA: Iniciación á escrita creativa en galego

Impartido por: Andreia Costas Otero

PROXECTO

Iniciación a escrita creativa en galego é un obradoiro onde a palabra escrita será unha canle de autorrealización, emponderamento e creatividade a través da nosa lingua.

PROPOSTA

- Achegar ferramentas de coñecemento para experimentar cos distintos xéneros literarios tanto da prosa como da poesía.
- Fornecer a nosa lingua coa creatividade: imaxinación, xogos lingüísticos e campos semánticos.
- Desenvolver obras en colectividade:
 - Cadáveres exquisitos
 - Xitanxáforas
 - Caligramas
- Formatos da literatura breve, presentación e práctica:
 - Nanorrelato
 - O conto e o relato
 - Microrrelatos
 - Haikus
 - O verso rimado e o verso libre

OBXECTIVOS

- Achegar a escrita literaria para canalizar e transmutar experiencias propias e alleas. Iniciarse no uso de distintas persoas narradoras na creativa propia.
- Aprender a analizar e debater un texto breve dun xeito obxectivo: o fondo e forma dos contidos literarios.
- Escribir cunha riqueza léxica e unha estrutura concisa para transmitir e comunicar con precisión as emocións, os desexos, as experiencias en galego.
- Adquirir as habilidades e confianza para presentar os traballos creativos a certames.
- Coñecemento e posta en práctica dunha linguaxe inclusiva na oralidade e na escrita.